

CURSO DE FORMACIÓN DOS RESPONSABLES DAS SOCIEDADES DE CAZA

1ª edición

"Xestión interna e administrativa dunha entidade asociativa"

Curso gratuito, previa inscrición, enviando o boletín de matrícula ao correo electrónico escola@federaciongalegadecaza.com, **antes do 30 de outubro de 2018**.

Duración do Curso, Os alumnos disporán dun mes para a realización do curso, non obstante se por calquera circunstancia o alumno non puidera rematalo poderá repetilo previa reinscrición enviando novamente o boletín de matrícula. A partir da 2ª convocatoria o sistema rexeitará automaticamente a inscrición daquelas persoas matriculadas en dúas convocatorias anteriores, pero o alumno poderá consultar coa FGC os criterios de acceso a unha 3ª convocatoria de gracia.

Destinatarios: Representantes de entidades federadas, directivos de sociedades de caza, administrativos e cazadores.

Obxectivos do Curso: O Curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza, ten por obxecto formar aos responsables destas entidades na xestión interna e administrativa dunha entidade asociativa.

Criterios de avaliación: Os alumnos deberán responder a un cuestionario tipo test de 50 preguntas. Considerarase aptos a aqueles alumnos que respondan correctamente alomenos ao 60% das preguntas.

Se tes calquera dúbida podes contactar coa Escola de Caza a través do correo electrónico escola@federaciongalegadecaza.com, ou chamando aos teléfonos 981-562777 ou 679 326 341

[Descargar Boletín de matrícula.docx](#)

Para inscribirte no curso debes enviar este boletín debidamente cumprimentado e asinado a escola@federaciongalegadecaza.com